

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 01/10/2020 11:14:58

SAIDA 11185/20

D. Miguel A Delgado González, Plataforma en
Defensa del Sector Marítimo Pesquero de
Galicia (PLADESEMAPESGA)
R/Juan Castro Mosquera 28 2º dereita
15005 A Coruña

Reclamante: D. Miguel A Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA)
Expediente. Nº **RSCTG 47/2020**

Correo electrónico: prensa@pladesemapesga.com

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por D. Miguel A. Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA) , mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 13 de abril de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 29 de setembro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. D. Miguel A. Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA) presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 13 de abril de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 7 de abril de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade pola que se lle concede o acceso á súa solicitude de información e documentación pública sobre contratos e convenios, datos e metadatos e custos sobre os números que Sanidade pon a disposición da cidadanía no teléfono 902 400 116 para información xeral sobre o Coronavirus e o 061.

A entidade reclamante alega que solicitou información relacionada coa multitude de liñas de custo 902 vinculadas aos servizos de pacientes e usuarios do SERGAS e considera que a resolución vulnera os seus dereitos xa que buscando na plataforma o sistema responde con

catro expedientes de licitacións de obras de estradas e se buscan co número de teléfono, responde con “sin rexistros asociados”

Segundo.- Con data do 13 de abril de 2020, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 8 de xuño de 2020.

Terceiro. Con data do 6 de agosto de 2020 a Consellería de Sanidade contesta a petición remitindo a copia do expediente e o informe solicitado.

No informe, a Consellería remite os importes dos contratos asinados coa empresa Universal Sport S.A. que celebrou polo trámite de emerxencia de acordo co disposto no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que faculta ao órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, a ordenar a execución do necesario para remediar os acontecementos producidos ou satisfacer as necesidades sobrevidas ou contratar libremente o seu obxecto sen suxeición aos requisitos formais establecidos na Lei. Xunta o detalle de cada un dos contratos indicados.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 47 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 47 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 47 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta na documentación remitida polo interesado, a resolución contra a que se reclama ten data do 7 de abril de 2020 e a reclamación contra a mesma presentouse con data do 13 de abril de 2020, debe admitirse por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou información referente aos contratos e convenios, datos e metadatos sobre os número de custo que a Consellería de Sanidade pon ao dispor da cidadanía no teléfono 902 400 116 para información xeral sobre o Coronavirus e o 061.

No referente á información sobre os contratos o convenios que a Consellería de Sanidade teña celebrado para o funcionamento do teléfono de información xeral á cidadanía, debe considerarse que é información pública, xa que entra dentro da definición que o artigo 24 da Lei 1/2016 fai da mesma. Na resolución impugnada, a Consellería limitábase a remitirle ao interesado o link xenérico da Plataforma de Contratos de Galicia.

A referencia á existencia dun sitio web onde se ofrece información, non é suficiente para os efectos de proporcionar a información solicitada. O artigo 22.3 da Lei 19/2013, establece que se a información xa foi publicada, a resolución que resolva a solicitude de acceso poderá limitarse a indicar como pode accederse a ela, pero como establece o criterio interpretativo 9/2015, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, en ningún caso é suficiente unicamente a remisión xenérica a portal ou á sede ou páxina web, senón que é necesario que se concrete sinalando expresamente o link que accede á información e, dentro deste, os epígrafes, capítulos, datos e informacións exactas que se refiran ao solicitado, sendo requisito que a remisión sexa precisa e concreta e leve, de forma inequívoca, rápida e directa á información sen necesidade de requisitos previos, nin de sucesivas procuras.

Polo tanto, o órgano reclamado pode elixir entre ofrecer a información solicitada por vía do exercicio de dereito de acceso exposto, ou ofrecer o link ou ligazón exacta que ofrezga de forma directa a información de que se trate.

No informe remitido pola Consellería de Sanidade, se remite a información completa sobre o contrato de referencia, información que se considera correcta, á que se acompaña explicación concreta sobre o tipo de procedemento de contratación utilizado e o cumprimento dos requisitos que para o mesmo establece a normativa que o regula, pero sen que conste que a mesma se remitise á entidade solicitante.

De acordo co anterior, en base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, procede a estimación da reclamación presentada, polo que a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por D. Miguel A. Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA) con data do 13 de abril de 2020, contra a Resolución do 7 de abril de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade pola que se lle concede o acceso á súa solicitude de información e documentación pública sobre contratos e convenios do teléfono 902 400 116 para información xeral sobre o Coronavirus e o 061.

Segundo: Instar a Consellería de Sanidade, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)

Fecha: 2020.10.01 09:24:39 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.